



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 3</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>		<b>Nacionalidade:</b>			
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____	<b>Sexo:</b>	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





2023310001

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 3



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C3-A-I-23





## Proba A1

---

Vostede, sempre atento ás novas propostas de deseño e moda galega, adoita escribir nun **blog** sobre tendencias e, por iso, logo de ver esta reportaxe, decide escribir un **comentario** sobre os produtos da marca Nikis Galicia.

Nese texto, de **300 palabras**, ha de incluír os seguintes puntos:

- Comentar como naceu esta empresa e citar algúns dos produtos que comercializa actualmente.
- Indicar en que se inspiran as ilustracións e mensaxes de Nikis e para que público están pensadas.
- Dar a súa opinión sobre os deseños desta firma e explicar por que cre que teñen tanto éxito.
- Recomendarlles ás persoas que o seguen os artigos que máis lle gustan e xustificar a súa escolla.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

## Proba A2

Un familiar seu está rematando o bacharelato e aínda non decidiu se cursará estudos universitarios ou de formación profesional. Vostede, logo de ler este artigo, pensa que hoxe estudar formación profesional é a mellor opción e, por iso, decide escribirlle un **correo electrónico** para aconsellalo. Neste texto, de **300 palabras**, debe:

- Interesarse polos seus estudos e explicarlle por que a formación académica é importante na vida das persoas.
- Expoñer as vantaxes que lle ofrece a formación profesional fronte á formación universitaria.
- Anímalo a que curse un ciclo formativo de grao superior e indicarlle cales son os requisitos de acceso.
- Aconsellarlle a especialidade que debe escoller, tendo en conta a súa personalidade e aptitudes.

### Hai vida máis alá da universidade



Segundo un estudo do economista Guy Berger, os nados entre 1981 e 1996, a xeración dos *millennials*, cambiaron de traballo catro veces de media antes dos 32 anos de idade. Máis do dobre que os seus pais en toda a súa vida laboral.

A mocidade de hoxe tamén terá que redirixir o seu camiño profesional ao longo da vida e buscar segundas oportunidades. Por iso, os rapaces e rapazas que están no momento de decidir o seu futuro non deben deixar para última hora unha cuestión tan importante e que vai determinar a súa vida profesional.

**Nesta elección non só inflúen as preferencias persoais, senón tamén as oportunidades laborais e a situación académica.**

## **A universidade, o anhelado clásico**

### Por que estudar na universidade?

Forma o alumnado de xeito integral, xa que non só lle proporciona unha base xeral de coñecementos da súa área, senón tamén outras habilidades transversais útiles en distintos ámbitos. Alén diso, bríndalle a posibilidade de acceder a postos máis cualificados e a cargos directivos.

Respecto da inserción laboral, os datos son positivos. O último informe anual da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), *A universidade en cifras*, establece que, a maior nivel formativo, menor taxa de desemprego, e indica que a oportunidade de atopar un traballo pode variar arredor dun 40 % en función dos estudos. Ademais, entre as carreiras laborais máis demandadas, figuran moitas que requiren unha titulación universitaria (enxeñerías, áreas tecnolóxicas, dirección de empresas...).

### Requisitos de acceso

Poden acceder estudantes que superen a proba para o acceso á universidade, os que teñan o título de bacharelato europeo ou internacional ou os que aproben un ciclo formativo de grao superior. Tamén as persoas maiores de 25 anos que superen unha proba de acceso ou os de máis de 40 que, ademais dunha proba, contan con experiencia laboral relacionada co ensino desexado.

## **A formación profesional, unha boa opción**

Se unha persoa quere empezar a traballar canto antes e ten claro que tipo de tarefas ou profesión desempeñar, non é necesario un grao universitario. Hoxe en día, a formación profesional é o itinerario formativo máis amplo. Entre ciclos de formación profesional básica, de grao medio e grao superior, ofértanse máis de 150 ciclos formativos, dentro de 26 familias profesionais. Combinan o ensino nos centros educativos coa formación nas empresas a través da formación en centros de traballo (FCT) ou ben a través do modelo de FP dual.

### Por que optar pola formación profesional?

Trátase de estudos moi motivadores cunha importante carga práctica, onde se traballan contidos específicos nunha contorna que reflicte a realidade e as necesidades do mercado laboral.

Pero se por algo destaca a FP é pola súa empregabilidade. Máis do 86 % de quen opta por ela colócase no mercado. Nos vindeiros anos, as ramas profesionais de Fabricación Mecánica, Electricidade e Electrónica, Instalacións e Mantemento, Informática e Comunicacions e Administración e Xestión terán unha altísima porcentaxe de demandas de emprego.

### Requisitos de acceso

Para cursar un ciclo formativo de grao medio precísase o título de ESO, FP básica ou dun nivel académico superior. Para facer un de grao superior é necesario o título



de bacharelato ou un certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato, o título de técnico (formación profesional de grao medio) ou calquera titulación universitaria ou equivalente. Tamén se pode acceder mediante unha proba específica a eses graos ou coa proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Entre as familias profesionais de FP máis demandadas están as seguintes:



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

